

REUNIÓN XERENCIA E XUNTA PTXAS  
ACTA Nº5

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Yolanda T. Lesmes Romero

Vicexerenta de Recursos Humanos:

Noemi Sirera Diéguez

Director de Área:

Xoan Manuel Cebro Rodríguez

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

XUNTA PTXAS

Rodrigo Alberte Pivida (CIG), secretario

Mª José Ríos Santomé (CIG)

José Manuel García Eirín (CIG)

Paula María González Pérez (CIG)

Rafael Ameneiro Bravo (CIG)

Remedios Lameiro Diéguez (CIG)

José Luis Pita Carballo (CIG)

Victoria Alonso Crespo (CCOO)

Berta Covelo Rodríguez (CCOO)

Mª Nuria Andiñón Rodríguez (CCOO)

Juan Ignacio Nogueira Alonso (CCOO)

María Luísa Magaz Ledo (CCOO)

Javier Novas Míguez (FOL)

Mª del Carmen Álvarez Veleiro (FOL)

Natalia Cabaleiro Monteagudo (FOL)

Alejandro Martínez Gómez (FOL)

Álvarez Rodríguez Pablo (UGT)

María Moreira Sendón (UGT)

José Manuel Sónora Abeijón (UGT)

Federico Fernández Fernández (CIG)\_Deleg Sind

Os membros da Xunta PTXAS reuníronse coa Xerencia ás 11:00 horas, do 19 de setembro de 2025, na Sala Manolo Ramos , coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da reunión anterior do 23 de xullo de 2025
2. Informe de Xerencia.
3. Peche da Convocatoria dos procesos selectivos para a execución das OEP 2023 e 2024.

Firmado por ALVERTE  
PIVIDA RODRIGO -  
\*\*\*4717\*\* el día 04/12/2025 con un  
certificado emitido por  
AC FNMT Usuarios



4. Peche da Oferta de emprego público 2025.
5. Resolución do conflito do persoal que superou o proceso de promoción interna A2.
6. Execución da sentenza do xulgado do contencioso administrativo nº 00175/2024 e do TSX de Galicia nº 00833/2024.
7. Programa piloto de flexibilidade horaria. Contestación as alegacións.
8. Rolda de intervencións.

## DELIBERACIÓNS

### 1. Aprobación da acta da reunión anterior do 23 de xullo de 2025

A xerenta indica que se recibiron alegacións e que foron aceptadas e así están reflectidas nas actas.

Federico Fernández di que hai un erro na xubilacións e incapacidades que están redactadas na acta xa que a suma dá como resultado 9 e deben ser 10.

A xerenta responde que efectivamente se debe a un erro e que se achegará de novo coa corrección oportuna.

### 2. Informe de Xerencia.

A xerenta relaciona todos as ordes de contratación que se enviaron ao Servizo de PAS a principios do mes de setembro.

María José Ríos Santomé pregunta porque o Servizo de PAS non lles está a mandar esa información porque antes si o facía. Antes o Servizo enviaba todas as comisións de servizo así como a primeiros de mes, todas as contratacións producidas.

A xerenta responde que o Servizo de PAS non ten indicacións para non facelo, e pregunta se están a recibir as copias básicas dos contratos.

Alberte Pivida di que non se reciben.

A xerenta apunta que se lle fará un recordatorio ao Servizo de PAS para que as achegue. De calquera xeito, podería colgarse na web para acceso do PAS as ofertas das contratacións que se vaian producindo.

Firmado por ALVERTE  
PIVIDA RODRIGO -  
\*\*\*4717\*\* el día 04/12/2025 con un  
certificado emitido por  
AC FNMT Usuarios



José Manuel García Eirín protesta pola xestión na cobertura dos postos e ATXS da Facultade de Deseño do Campus de Pontevedra.

A xerenta aclara que a incidencia xurdida na Facultade de Deseño e houbo que forzar os chamamentos das listas de contratación por urxencia para as coberturas. Estima que se publiquen nos vindeiros días as puntuacións definitivas dos Xefes de Servizo de Contabilidade, RRHH de Investigación e Administrador Campus do Ourense para poder envialo ao DOGA canto antes. Finalmente fai mención do remate do proceso de roupa de traballo que se pechou sen maiores incidencias.

José Manuel García Eirín di que efectivamente non lle constan incidencias pero si lle fixeron chegar protestas por poñer un período de proba da roupa en período de vacacións, xa que algúns traballadores non puideron ir a probar. Pide que se alguén ten problema coas tallas que lle dean unha solución

A xerenta responde que non hai problema por iso, que se poñan en contacto coa Vicexerencia de Recursos Humanos, pero lembra que a toma de tallas foi no mes de xullo, non en agosto.

### 3. Peche da Convocatoria dos procesos selectivos para a execución das OEP 2023 e 2024.

A xerenta comenta que lle choca que a Xunta de PTXAS non fixera un documento propio de alegacións e se limitara en facer chegar á xerencia as alegacións doutras persoas que, por outra banda, tamén as chegaron á xerencia. En TSTIC desestimáronse as alegacións que se basean en consideracións persoais e subxectivas. Fai mención dos temas que se estiman e os que se suprimen e lembra que estes procesos xa non entran no marco da consolidación de emprego polo que agora serán unhas probas selectivas de carácter normalizado. Respecto dos TS e TE de Análise Instrumental estímense en parte as alegacións presentadas. En canto á petición de que “aparecen epígrafes que tratan técnicas analíticas que non se tiveron en conta en procesos selectivos anteriores de prazas equivalentes e que non son esixibles para unha praza de C1”, indícase que se considera pertinente valorar o coñecemento, polo menos a nivel básico, de aquelas técnicas que están accesibles no servizo, xa que o seu manexo e comprensión forman parte das competencias que deben posuír todos os técnicos implicados. Polo tanto a inclusión de novas técnicas no temario, responde a unha necesidade de garantir que o persoal seleccionado estea capacitado para afrontar os retos actuais e futuros do posto. Acéptase a petición que se demanda de facer primeiro o exame teórico e segundo o exercicio o práctico, agás para a Escala de Transporte e Distribución. En relación ás porcentaxes da fase de oposición e concurso, xa non se está en consolidación de emprego, polo que agora a proposta de xerencia

Firmado por ALVERTE  
PIVIDA RODRIGO -  
\*\*\*4717\*\* el día  
04/12/2025 con un  
certificado emitido por  
AC FNMT Usuarios



vai ir no 25%-75%. Porén, a petición de contar con catro opcións no segundo exercicio, parécelle un esforzo innecesario e pouco operativo para o tribunal, polo tanto quedan dúas opcións. En relación á petición de eliminación da lectura pública non se acepta. A lectura pública garante a transparencia e é algo moi consolidado nos corpos superiores para os que se esixe titulación universitaria, é dicir, grupos A, tanto para o subgrupo A1 como para o subgrupo A2. Finalmente a petición de que a avaliación dos contidos teóricos (comúns e específicos) se integren nun único exercicio tipo test non se acepta, porque o futuro empregado público ten que demostrar que é coñecedor da normativa que lle concirne, xa que logo a falta de coñecemento da mesma non pode ser suplida, compensando unha parte con outra, é dicir, coñecementos específicos por coñecementos da parte común.

Berta Covelo di que na Xunta e na Universidade da Coruña utilizan ese modelo. E na Universidade de Vigo aos profesores non se lles esixe a lexislación.

A xerenta insiste que iso non garante coñecer o entorno xurídico básico no que se move a persoa que supere o proceso. E polo carácter transversal e de soporte que ten o PTXAS debe coñecer a lexislación básica.

Carmen Veleiro mostra o seu acordo en que vaian as dúas probas xuntas porque ao seu xuízo é imposible superar a proba sen coñecer a lexislación. Engade que son prazas moi específicas.

A xerenta concorda que efectivamente son moi específicas pero son de carácter transversal non son de profesor nin de investigador e dan soporte aos servizos que se dan ao resto da universidade.

Pablo Álvarez quere que conste en acta para un futuro que a xerenta dixo que para acreditar coñecementos, por exemplo de química a forma de acreditación é superando un exame. E, xa que logo, a existencia dunha titulación específica para ocupar unha praza é cuestionable.

A xerenta responde que efectivamente a única forma de evidenciarlo é realizando probas selectivas sobre a materia e engade que o exercicio e a normativa sobre profesións reguladas hai que respectalo sobre todo en materia de escalas e subescalas de carácter especial. Matiza que se ben as probas selectivas son o único sistema do que se dispón hoxe en día para saber se o candidato ofrece un nivel de solvencia para acadar unha praza, o nivel de resolución do exercicio do posto de traballo ao longo de toda a vida profesional, garántese coa titulación e o perfil axeitado á praza. Polo tanto calquera traballador ou traballadora que estea a desenvolver unha praza para a que non posúa titulación axeitada, poida que lle resulte moito máis dificultosa

Firmado por ALVERTE  
PIVIDA RODRIGO -  
\*\*\*4717\*\* el día 04/12/2025 con un  
certificado emitido por  
AC FNMT Usuarios



o seu desenvolvemento e mesmo non teña o nivel de competencia. Este é o sentido das súas palabras e fai esta aclaración para que non se terxiversen as mesmas.

Carmen Álvarez engade que en outras universidades fan un exame común e non entende porque non se colle o exemplo doutras universidades ao igual que se fixo cos temarios.

A xerenta di que unir as dúas partes ten que garantir o coñecemento da lexislación obrigatoria da administración pública e iso vai en detrimento dos coñecementos da parte específica posto que implicaría determinar o peso das preguntas de cada parte e a esixencia de superar cada parte do exame. Engade ademais que o anterior órgano unitario de negociación asinou a estrutura dos procesos selectivos e o único que quedaba por negociar eran os temarios e o peso do concurso polo feito de ter en conta os servizos prestados noutras administracións.

Carmen Veleiro mostra o seu desacordo con un documento asinado por outro órgano de representación.

A xerenta pasa a analizar o temario de TS de Prevención de Riscos e fai unha relación dos temas que se incorporan e os que se suprimen. En canto ao temario de TS de Servizos Xerais Subescala Emprego e Emprendemento fai mención dos temas que se incorporan a petición da Xunta PTXAS, desestimando aquel contido proposto cuxa información non está ao alcance de calquera persoa que poida consultalo, é dicir, aquelas materias só dispoñibles a nivel interno, e así evitar impugnacións. Non se aceptou retirar o tema das tarxetas de emprego xa que entende que un orientador de emprego ten que ter coñecementos sobre esa cuestión para poder responder a calquera alumno ou exalumno que puidera pedir información. Finalmente no temario da Escala de ATXS, Subescala de Deportes aceptáronse practicamente todas as alegacións achegadas.

Acórdase que a Xerencia enviará a nova relación de temas de TS de PRL e Emprego e Emprendemento, e se en 5 días hábiles non ten resposta daranse por aprobados definitivamente.

A xerenta pide tamén un posicionamento da Xunta de PTXAS en relación á valoración dos méritos, tendo en conta que a proposta da xerencia é 75%-25%

José Manuel García Eirín pide que lles dean tamén 5 días hábiles para trasladar a postura da Xunta PTXAS.

#### 4. Peche da Oferta de emprego público 2025.

Firmado por ALVERTE  
PIVIDA RODRIGO -  
\*\*\*4717\*\* el día 04/12/2025 con un  
certificado emitido por  
AC FNMT Usuarios



A xerenta urxe á aprobación da OEP do ano 2025 para poder enviala á Xunta de Galicia canto antes e non correr o risco de enviala no último momento e logo non a aproben a tempo para ser publicada no DOG.

José Manuel García Eirín non entende a présa xa que ningún ano se negociou tan cedo a OEP. Engade que non cadro que se acompañou só aparecen as vacantes de determinadas categorías pero entenden que hai máis. Polo tanto, defenderán unha OEP máis ampla e presentarán a súa proposta cando comproben os datos. Pide que se lles envíe o cadro coas vacantes.

A xerenta responde que as prazas ocupadas cunha antigüidades de máis de tres anos, segundo o EBEP, hai obrigatoriedade de convocalas. Os postos de maior antigüidade concéntranse nos ATSX polo que hai que convocar as prazas na medida que permita a taxa de reposición.

María José Ríos Santomé, en relación á praza do subgrupo C2 de Administración que se propón por promoción interna, pregunta quen podería acceder a esa praza.

A xerenta responde que esa praza se propuxo para cubrir a cota de reserva para a promoción interna. Poderían ir á praza os propios auxiliares administrativos por promoción interna horizontal, ou incluso ATSX de Deportes. Porén, as prazas de TE Informáticos de saír por promoción interna obrigaría a cesar a persoal.

Federico Fernández pide que se lles achegue a relación de vacantes reais que hai, non só unhas categorías determinadas, para poder presentar unha contraproposta coherente.

## 5. Resolución do conflito do persoal que superou o proceso de promoción interna A2.

A xerenta informa de que o 18 de decembro pasado presentouse na anterior Xunta de PAS o acordo ao que se chegara cos funcionarios do grupo A2. Buscando o menor prexuízo para toda a comunidade, chegouse a un acordo e neste momento que se van resolver dúas xefaturas de servizo e a administración de Ourense é o momento no que quedaron suficientes prazas abertas a A2 para a resolución deste conflito. Vaise realizar un chamamento a estas persoas para que escollan destino definitivo para o que se publicará no DOGA a resolución para a escolla de destino. A xerenta anuncia as prazas que se van a ofertar.

## 6. Execución da sentenza do xulgado do contencioso administrativo nº 00175/2024 e do TSX de Galicia nº 00833/2024.

Firmado por ALVERTE  
PIVIDA RODRIGO -  
\*\*\*4717\*\* el día 04/12/2025 con un  
certificado emitido por  
AC FNMT Usuarios



A xerenta explica que a sentenza anula a base da convocatoria que valoraba con 0,05 puntos os servizos prestados fóra da Uvigo, por considerar desproporcionada a diferenza de valoración cos servizos prestados na Universidade dado que se vulnera o principio de igualdade no acceso a emprego público. Plantexa tres opcións para negociar cal podería resultar a máis axeitada. A primeira opción sería abrir unha nova convocatoria, o cal afecta tanto ao número de concursantes como de méritos a aportar. A segunda opción sería publicar un novo baremo e abrir un novo prazo de presentación de méritos. E a terceira opción sería modificar o baremo e retrotraer as actuacións e ao momento en que o tribunal barema aos aspirantes. A Xerenta considera esta última opción a máis axeitada xa que entende que se pode interpretar que se aplique só aos aspirantes que participaron no seu día segundo rezan os fundamentos da Sentenza do TSXG.

Alberte Pivida di que a intención da convocatoria era promocionar aos propios traballadores da casa e que estabilizaran no posto no que están. Unha vez que a sentenza o botou abaixo o máis axeitado sería establecer outro baremo e só se aplique ás persoas que se presentaron no seu momento.

A xerenta pide que lle dean traslado dunha contraproposta de consenso da Xunta PTXAS, ponderada consonte ao espírito da sentenza, para pechar este tema na seguinte reunión.

## 7. Programa piloto de flexibilidade horaria. Contestación as alegacións.

A xerenta di que seguen sen recibir alegacións á proposta da xerencia.

José Manuel García Eirín responde que crearon unha comisión que está a estudar o documento para achegar unha proposta a xerencia. De todos xeitos, consideran que a falta de carreira profesional ou a modificación da RPT deberían ir por diante.

A xerenta explica que pon este tema riba da mesa por reiteradas escritos en Comunidade ou no 9 ás 9 co reitor. Ademais é unha obriga legal regular a flexibilidade por razón de conciliación. Ben é certo que se están a conceder pero baixo un marco de desregulación polo que o persoal non ten claros os criterios ademais de que pode verse como falta de transparencia. Aclara que é un tema que todas as administracións públicas teñen acordado e deberíamos ser quen de pechar un acordo ao respecto.

Firmado por ALVERTE  
PIVIDA RODRIGO -  
\*\*\*4717\*\* el día 04/12/2025 con un  
certificado emitido por  
AC FNMT Usuarios



María José Ríos Santomé lembra que o reitor ten o compromiso para acadar financiamento para a carreira profesional.

A xerenta responde que levan pelexando dous anos para iso e en breve se enviará unha proposta marco.

Remedios Lameiro Diéguez pregunta se o control horario se aplicaría a todo o PTXAS e se pode acollerse calquera persoa á flexibilización, aínda que non se cumpran os requisitos de nenos menores ou calquera outro.

A xerenta responde que o rexistro horario será para todo o PTXAS. En canto a quen pode acollerse, non se debe confundir a flexibilidade horaria da conciliación persoal coa flexibilidade horaria da conciliación laboral. O documento presentado pola Xerencia á Xunta PTXAS para a negociación, vai dirixido a que ningunha escala ou subescala de PTXAS quede excluída da flexibilización, procurando que o servizo público quede atendido, polo que se permiten varias formas de flexibilidade.

## 8. Rolda de intervencións.

José Manuel García Eirín pregunta pola lista de ATSX que está esgotada dende verán e habería que abrir un proceso de ampliación.

José Manuel Sónora engade que pasa o mesmo na lista de TEB e incluso Auxiliar Administrativo.

A xerenta responde que se lles plantexou unha solución para esta problemática consistente en ampliar as listas actuais coa orde de prelación dos procesos selectivos de consolidación, pero foi rexeitada. Agora pódese poñer en marcha un proceso pero como mínimo serán 9 meses.

Federico Fernández quéixase de que o curso de administración electrónica só ten horario de mañá. Non se está tendo en conta o persoal en quenda de tarde nin se contempla que se ese persoal ten que facer a formación fóra da súa xornada se lle compense dalgún xeito.

A xerenta responde que por dispoñibilidade dos docentes só se pode facer en horario de mañá pero sacarase unha resolución para que se lle compense ao persoal o feito de facer o curso fóra da súa quenda.

Berta Covelo pide que se dea esta formación tamén noutras escalas e subescalas.

Juan Ignacio Nogueira pide que se reúna a Comisión de Formación.

Firmado por ALVERTE  
PIVIDA RODRIGO -  
\*\*\*4717\*\* el día 04/12/2025 con un  
certificado emitido por  
AC FNMT Usuarios



A xerenta responde que tratará de convocala ao longo do mes de outubro.

Carmen Veleiro pregunta pola cobertura do posto de Xefatura de Servizo do Servizo de Extensión Universitaria logo da xubilación do xefe. Pregunta pola súa cobertura en comisión de servizos.

A xerenta responde que o Servizo de Extensión Universitaria convocarase para a súa cobertura de xeito definitivo, sen que se cubra primeiro en comisión de servizos, porque é un servizo que nesta época non conta con picos de criticidade que obriguen a saltarse o procedemento, como sucedeu por exemplo no Servizo de Contabilidade para afrontar o peche de exercicio.

Carmen Veleiro pregunta se se vai enviar unha nota aclaratoria para os atrasos na declaración da renda.

A xerenta responde que o falará co servizo de Retribucións.

Pita pregunta se vai haber algún marco de actuacións para promover a promoción do grupo C2 a C1.

A xerenta responde que neste momento ese tema non está riba da mesa.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 13:30h.

A xerenta

O secretario da Xunta PTXAS

Yolanda T. Lesmes Romero

Rodrigo Alberte Pivida

Firmado por ALVERTE  
PIVIDA RODRIGO -  
\*\*\*4717\*\* el día 04/12/2025 con un  
certificado emitido por  
AC FNMT Usuarios

